

Actividades para proxectos | Bloque 3: actividades con colaboración externa e de difusión.

Primaria: 3 a 12 anos

O día da radio




Idade 9 a 12 anos.



Nivel de dificultade Avanzado



Temporalización 8 sesións



Etiquetas Emisión de radio, noticias, uso seguro de Internet e das redes sociais.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os socios dos diferentes países preparan en equipos internacionais unha serie de emisións de audio (*podcasts*) para celebrar o Día da radio. O docente invitará a un experto e os estudantes terán a posibilidade de entrevistalo.

OBXECTIVOS

- Traballar o uso responsable e seguro das redes sociais e Internet desde unha perspectiva periodística e de investigación.
- Difundir e concienciar o resto da comunidade educativa sobre facer un bo uso de Internet.
- Fomentar o traballo colaborativo e valorar a importancia de ser parte dun propósito común, neste caso crear un programa de radio conxunto.

COMPETENCIAS CLAVE E TEMAS TRANSVERSAIS

- Competencia dixital
- Comunicación lingüística
- Competencia para aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Educación cívica
- Educación do consumidor

CONTIDOS CURRICULARES

- Uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.
- Traballo colaborativo.

ASPECTOS INCLUSIVOS

Cada estudante elixirá o tipo de sección na que desexa traballar para crear o arquivo de audio en función dos seus intereses, necesidades ou gustos.

PRODUTOS/ RESULTADOS ESPERADOS

Un programa de radio colaborativo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

PREPARACIÓN PREVIA

Fase 1. Creación do TwinSpace.

Os docentes, nunha reunión previa, establecen os criterios de traballo, a temporalización, as posibles seccións do programa de radio e a data de emisión do programa.

Máis tarde crean as páxinas para amosar o traballo dos diferentes socios no TwinSpace. Neste caso propónse catro páxinas:

1. Presentámonos
2. Os nosos podcasts
 - a. Créanse subpáxinas co nome de cada sección que recolle os distintos podcasts incluídos nelas.
3. O noso programa de radio
4. Avaliación



[Enlace Twinspace](#)



Tutorial: [Como crear unha páxina en TwinSpace](#)



Tutorial: [Como xerar unha subpáxina de actividades](#)

Fase 2. Creación de debates no foro.

Na pestana «foro», os docentes abren un debate por cada sección do programa de radio e deciden que docente se encarga de supervisar e dinamizar as conversas.

Estos son uns exemplos de seccións: uso responsable e seguro das redes sociais, noticias internacionais, entrevistas, deportes, cociña, medioambiente....



Tutorial: [Foros no TwinSpace](#)

Fase 3. Invitación do alumnado ó TwinSpace.

Os docentes crean unha conta para que todos os estudantes poidan acceder ó TwinSpace.



Tutorial: [Como invitar a alumnos/as ó TwinSpace](#)

POSTA EN PRÁCTICA

Fase 1. Elección das seccións. (1 sesión)

O docente explica ó alumnado a importancia de non compartir datos persoais con persoas descoñecidas nin información persoal na rede. O docente comparte os nomes de usuarios e contrasinal ós estudantes para que estes accedan ó TwinSpace e engadan un avatar como imaxe de perfil.

A continuación, o docente amosa ó alumnado as distintas seccións establecidas previamente co resto de socios e cada estudante elixe a sección na que desexa traballar.

Máis tarde, os estudantes acceden á pestana «foro» e buscan o nome da sección na que queren participar. Aquí ponse en contacto cos socios doutros centros e establecen os aspectos que consideren necesarios para organizar a súa sección.



Imaxe do TwinSpace

Foro ?

Abre un debate y luego añade hilos de conversación para que responda el resto de participantes. Si lo deseas, puedes añadir una encuesta a la conversación.

 **Abrir un debate**

Últimos temas de discusión

Periodista Andrés

0 intervenciones • 07.07.2021

Lista de posibles secciones

0 intervenciones • 07.07.2021

Debate

☐ Ordenar

Foros archivados

Sección de Noticias Internacional

1 discusión(es)



Sección de Noticias Nacional



Fase 2. Investigación para o podcast. (1 sesión)

O docente explica a importancia de facer un uso axeitado da información que atopan na rede e tamén sinala a importancia das licenzas que incorporan os textos, imaxes, vídeos... para facer un uso correcto delas e engadir as fontes de onde se extrae a información.

Os estudantes buscan información para realizar as súas emisións de audio e compárteno no foro da sección elixida. Os estudantes deben contrastar as noticias ou informacións que vaian utilizar durante a súa emisión, para valorar a súa veracidade e non difundir noticias falsas.

Fase 3. Gravación do arquivo de audio. (1 sesión)

Cando os estudantes teñan rematado as noticias de todas as seccións, os docentes deciden que clase se encarga de gravar cada arquivo.

O docente comunica ó alumnado a sección que lles tocou, divídeos en equipos e os estudantes comezan as gravacións de audio.



O docente comparte as gravacións na subpáxina da sección correspondente do TwinSpace co resto dos socios.

TwinSpace

[Enlace Twinspace](#)

Un docente unifica todos os arquivos de audio. Pode usar a aplicación gratuíta Audacity ou unha ferramenta similar.



Ferramenta: [Audacity](#)

Fase 4. Entrevista. (1 sesión)

O docente invita á aula a algún experto ou persoa de interese relacionado co mundo da comunicación ou a radio para que fale sobre as normas de comunicación nos medios, como facer un uso responsable destes e comparta algúns consellos ós estudantes. Tamén pode impartir a charla un familiar que teña coñecementos sobre o tema.

O docente pide ó seu alumnado que pense en preguntas ou dúbidas para facerllas ó experto. Tamén comparte esta noticia no TwinSpace e ofrece ós socios a posibilidade de escribir algunha pregunta para o experto.

Ó rematar a charla, os estudantes fan as preguntas ó experto. Ademais, explícanlle a actividade na que participaron, amósanlle a gravación e pídenlle a súa opinión.

O docente, se conta coa autorización do experto, incluírá a entrevista no programa de radio.

Fase 5. Emisión do programa. (1 sesión)

O docente comunica ós estudantes a data na que se retrasmite o programa e os estudantes preparan material para difundir e promocionar o evento. Realizan a difusión da emisión no centro escolar, na contorna, na páxina web do centro e redes sociais, ás familias, a outros membros da comunidade educativa...

Para a retransmisión, os docentes utilizan o recurso gratuíto Listen2myradio.



Ferramenta: [Listen2myradio](#)

Para reproducir o programa e vinculalo á emisión en Listen2myradio, utilizan unha das seguintes ferramentas ou similar: WinAmp, MBRecaster, Lunar Caster ou Mixxx.



[WinAmp](#)



[MBRecaster](#)



[Lunar Caster](#)



[Mixxx](#)

Un docente comparte o programa de radio completo na páxina «3. O noso programa de radio» do Twinspace.



[Enlace Twinspace](#)

AVALIACIÓN

Videoconferencia. (1 sesión)

Ó final da actividade, os socios reúnen-se nunha videoconferencia e durante a sesión, os estudantes falan sobre a actividade e fan algunhas preguntas ós seus compañeiros.

Os docentes acordan previamente a orde das intervencións e designan os estudantes encargados de realizar as preguntas.

Estes son algúns exemplos de preguntas: ¿Con qué aparato gravastes os arquivos?, ¿pareceuvos fácil ou difícil?, ¿escóitase ben a gravación?, ¿tivestes algunha dificultade á hora de gravar?, ¿gustouvos entrevistar o experto?, ¿cal é o programa que máis che gusta?...

O docente crea un cuestionario en liña para os estudantes onde recolle os principais aspectos da actividade: grao de implicación do alumnado, grao de satisfacción, valoración do traballo colaborativo, a temporalización das sesións, etc. Despois analiza os resultados e compárteos na páxina «4. Avaliación» do TwinSpace.



[Enlace Twinspace](#)

Finalmente, os docentes reúnen-se a través do chat ou videoconferencia do TwinSpace, para levar a cabo unha análise dos resultados obtidos, resaltando os aspectos máis valorados e establecendo propostas de mellora en común para futuras actividades.



Tutorial: [Uso e características do chat no TwinSpace](#)



Tutorial: [Como crear un evento en liña no TwinSpace](#)

DIFUSIÓN

Ademais da difusión que se realizou entre os distintos membros da comunidade educativa para anunciar a emisión do programa, os estudantes poden redactar unha carta ou correo electrónico explicando o traballo que levaron a cabo e enviar a gravación a unha radio local cercana. Tamén lles poden pedir a súa opinión sobre a gravación ou ofrecerlla por se a queren compartir na radio cos seus oíntes.

FERRAMENTAS DO TWINSPACE / FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

TwinSpace: páxinas, foro, reunións en liña e membros.



Outras ferramentas:

- Ferramenta para a edición de audio: [Audacity](#)
- Ferramenta para retransmitir audio a través de Internet: [Listen2myradio](#)
- Reprodutores de música compatibles coa emisión en Internet: [WinAmp](#), [MBRecaster](#), [Lunar Caster](#) e [Mixxx](#).